



PERMISOS TEMPORAIS PARA PARTICULARES (PLACAS VERDES)

IMPORTANTE: Antes de presentar en calquera xefatura un trámite, deberá solicitar cita previa

REQUISITOS XERAIS

- **Solicitud** en impreso oficial (*impreso dispoñible en www.dgt.es*).
- **Taxa** por importe de 20,20 €. (Non se admite o pagamento en metálico).
- **Identificación da persoa interesada:**
 - Persoas físicas: documento oficial que acredite a identidade e o domicilio da persoa titular (DNI, permiso de conducción español, tarxeta de residencia, pasaporte máis número de identificación de estranxeiros).
 - Persoas xurídicas: tarxeta de identificación fiscal da sociedade e acreditar a representación e a identidade da persoa que asine (*modelo dispoñible en www.dgt.es*).
 - Menores ou incapacitados: datos e sinatura do pai, nai ou titor, o seu DNI e o documento que acredite o concepto polo que actúen.

PLACA VERDE MENTRES SE TRAMITA A MATRICULACIÓN DEFINITIVA (validez 60 días)

- Expediente completo de matriculación ordinaria de vehículos.

PRÓRROGA DA PLACA VERDE

- Solicitud en impreso oficial.
- Permiso temporal de circulación en vigor.
- Xustificante de que o vehículo non se puido matricular por causas alleas á persoa interesada.

PLACA VERDE PARA O TRASLADO DO VEHÍCULO AO ESTRANXEIRO (validez 60 días)

- **Vehículos non matriculados:**
 - Tarxeta ITV electrónica (*NIVE*) ou tarxeta de ITV en formato papel coa dilixencia de venda ou, no seu defecto, factura.
 - Documento que acredite a exportación legal se o traslado é a un país non comunitario: DUA (documento único administrativo) expedido pola Aduana.
- **Vehículos matriculados:** tramitarse previamente a baixa definitiva por traslado a outro país. A ITV deberá estar en vigor.

PLACA VERDE DE 10 DÍAS PARA TRASLADO Á PROVINCIA DE MATRÍCULA (validez 10 días)

- **Documentación do vehículo:** tarxeta de ITV electrónica (*NIVE*) ou tarxeta de ITV en formato papel, coa dilixencia de venda ou, no seu defecto, factura ou acta de adxudicación, se procede, de poxa.

NOTA:

Se non presenta o trámite a persoa adquirente, será necesario acompañar unha autorización asinada por esta, xunto co seu DNI orixinal, na que se faga constar a gratuidade (*modelo dispoñible en www.dgt.es*).

En caso de ausencia de acreditación fidedigna dalgún dos datos arriba requiridos, poderá solicitarse documentación adicional.

Actualizada 05/07/2018